



FEDERACIÓN GALEGA DE KARATE
E DISCIPLINAS ASOCIADAS



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



NORMATIVA DO RANKING



Versión 1.3 (26/11/2025)



1.- DISPOSICIÓN XERAIS.

1. O obxecto deste documento é establecer as condicións polas que se rexe o funcionamento dos diferentes tipos de ranking que contempla a FGK.
2. A Dirección Técnica da FGK será quen supervisará a súa correcta aplicación, posibles modificacións ou a resolución de calquera cuestión relativa ao ranking que poida non estar recollida neste documento.

2.- TIPOS DE RANKING.

1. Ranking Absoluto: recolle as puntuacións derivadas dos resultados obtidos nas seguintes competicións:
 - Campionatos internacionais oficiais.
 - Campionatos de España.
 - Liga Nacional de Karate.
 - Liga Galega de Karate.
 - Outras competición que, a criterio da Dirección Técnica, reciban cualificación de puntuables.
2. Ranking da Liga Galega: recolle as puntuacións derivadas dos resultados obtidos nas probas da Liga Galega de Karate. Este ranking renovarase ao inicio de cada tempada. Só figurarán neste ranking as categorías de nivel avanzado.

3.- MODALIDADES.

Táboa 1.- Modalidades.

KATA	Masculino
	Feminino
KUMITE	Masculino
	Feminino
PARA-KARATE	Discapacidade Intelectual Masculino
	Discapacidade Intelectual Feminino
	Discapacidade Física Masculino
	Discapacidade Física Feminino
	Discapacidade Visual Masculino
	Discapacidade Visual Feminino
	Cadeira de Rodas Masculino
	Cadeira de Rodas Feminino



FEDERACIÓN GALEGA DE KARATE
E DISCIPLINAS ASOCIADAS



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



4.- CATEGORÍAS.

Táboa 2.- Idades por modalidade e categoría.

MODALIDADE	CATEGORÍA	IDADE
KATA	Benxamín (masculino e feminino)	Ata os 7 anos
	Alevín (masculino e feminino)	8 e 9 anos
	Infantil (masculino e feminino)	10 e 11 anos
	Xuvenil (masculino e feminino)	12 e 13 anos
	Cadete (masculino e feminino)	14 y 15 anos
	Júnior (masculino e feminino)	16 y 17 anos
	Sub-21 (masculino e feminino)	18 a 20 anos
	Sénior (masculino e feminino)	A partir de 16 anos
	Máster (masculino e feminino)	A partir de 35 anos
KUMITE	Alevín (masculino e feminino)	8 e 9 anos
	Infantil (masculino e feminino)	10 e 11 anos
	Xuvenil (masculino e feminino)	12 e 13 anos
	Cadete (masculino e feminino)	14 e 15 anos
	Júnior (masculino e feminino)	16 e 17 anos
	Sub-21 (masculino e feminino)	18 a 20 anos
	Sénior (masculino e feminino)	A partir de 18 anos
	Máster (masculino e feminino)	A partir de 35 anos
PARA-KARATE	Infantil (masculino e feminino)	Ata os 11 anos
	Xuvenil (masculino e feminino)	12 e 13 anos
	Cadete (masculino e feminino)	14 e 15 anos
	Júnior (masculino e feminino)	16 e 17 anos
	Sub-21 (masculino e feminino)	18 a 20 anos
	Sénior (masculino e feminino)	A partir de 16 anos
	Máster (masculino e feminino)	A partir de 35 anos

Información adicional:

1. Idades de participación nas probas da Liga Nacional e Liga Galega: serán por ano natural. No caso da Liga Galega, tomando como referencia o segundo ano da tempada deportiva.
2. Idades de participación nos campionatos de España e Campionatos Galegos: serán por ano natural para as categorías benxamín, alevín, infantil, xuvenil, sénior e máster. Para as categorías cadete, júnior, sub-21, a idade estará referida ao primeiro día de competición do campionato de Europa.
3. Idades de participación en los campionatos de carácter internacional: estarán referidas ao primeiro día de competición fixado para cada evento.



FEDERACIÓN GALEGA DE KARATE
E DISCIPLINAS ASOCIADAS



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



Táboa 3.- Pesos por categoría na modalidade de kumite.

CATEGORÍA	MASCULINO	FEMENINO
Alevín	-28 kg., -34 kg. e +34 kg.	-26 kg., -32 kg. e +32 kg.
Infantil	-30 kg., -35 kg., -40 kg., -45 kg. e +45 kg.	-30 kg., -36 kg., -42 kg. e +42 kg.
Xuvenil	-35 kg., -40 kg., -45 kg., -50 kg., -55 kg., -60 kg. e +60 kg.	-37 kg., -42 kg., -47 kg., -52 kg. e +52 kg.
Cadete	-52 kg., -57 kg., -63 kg., -70 kg. e +70 kg.	-47 kg., -54 kg., -61 kg. e +61 kg.
Júnior	-55 kg., -61 kg., -68 kg., -76 kg. e +76 kg.	-48 kg., -53 kg., -59 kg., -66 kg. e +66 kg.
Sub-21	-60 kg., -67 kg., -75 kg., -84 kg. e +84 kg.	-50 kg., -55 kg., -61 kg., -68 kg. e +68 kg.
Sénior	-60 kg., -67 kg., -75 kg., -84 kg. e +84 kg.	-50 kg., -55 kg., -61 kg., -68 kg. e +68 kg.
Máster	-75 kg. e +75 kg.	Open

5.- EVENTOS, FACTOR DE PONDERACIÓN E BAREMO DE PUNTUACIÓNS.

Táboa 4.- Eventos puntuables e Factor de Ponderación de cada evento.

EVENTO	FACTOR DE PONDERACIÓN
Xogos Mundiais/Campionato do Mundo	20
Xogos Europeos/Campionato de Europa	18
Karate 1 Premier League	16
Karate 1 Series A - Youth League	14
Campionatos de España por Seleccións Autonómicas	12
Fase Final Liga Nacional	10
Campionato de España Universitario	8
Fases Previas Liga Nacional	8
Campionato Galego	6
Xornada Final Liga Galega	4
Xornadas Liga Galega	3
Outros eventos puntuables	A valorar pola Dirección Técnica

Información adicional:

1. As puntuacións obtidas por deportistas en probas da WKF/EKF serán comunicadas polos clubs, responsabilizándose da veracidade das mesmas. A FGK resérvase o dereito de efectuar as comprobacións pertinentes, antes de recoller a puntuación obtida no Ranking Absoluto da FGK.
2. No caso das categorías de kumite xuvenil (U-14), no caso de non coincidir as categorías da WKF coas da RFEK/FGK, deberase proporcionar a información necesaria na categoría RFEK/FGK na que se desexe incorporar a puntuación obtida a nivel internacional.



FEDERACIÓN GALEGA DE KARATE
E DISCIPLINAS ASOCIADAS



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



Táboa 5.- Baremo de puntuacións nas modalidades de Kata e Kumite.

CLASIFICACIÓN	PUNTOS OBTIDOS
1º	100
2º	70
3º	40
5º	30
7º	20
9º	10
11º	8
13º	5
15º	3
Vitoria kumite	10
Vitoria en kata	10
Participación	5

Táboa 6.- Baremo de puntuacións na modalidade de Para-Karate.

CLASIFICACIÓN	PUNTOS OBTIDOS
1º	100
2º	70
3º	40
5º	30
Ronda superada	10
Participación	5

6.- INFORMACIÓN ADICIONAL

1. A inscrición nunha proba puntuable para o ranking non outorga puntos por participación. Os puntos por participación outorgaranse unicamente se o deportista ten participado en polo menos nun encontro/ronda. A estes efectos, considerárase celebrado un encontro/ronda sempre e cando teña existido decisión arbitral.
2. Os encontros gañados por KIKEN ou por ausencia do adversario outorgarán 10 puntos ao deportista vencedor.
3. Outorgaranse puntos por encontro gañado a aqueles deportistas que superen a primeira ronda de competición por BYE. Neste caso, sumaranse os puntos do encontro superado por BYE se obteñen a vitoria no segundo encontro.
4. Non se outorgarán puntos por clasificación a aqueles deportistas das modalidades de kata e kumite que, aínda participando na fase de repesca,



FEDERACIÓN GALEGA DE KARATE
E DISCIPLINAS ASOCIADAS



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



teñan perdido todos os seus encontros. De igual modo, e como norma xeral, non se outorgarán puntos por clasificación a deportistas que non teñan gañado ningún encontro.

5. A puntuación total obtida nun evento resultará do sumatorio dos puntos obtidos pola participación, os encontros gañados e a clasificación obtida. Este sumatorio multiplicarase polo factor de ponderación correspondente, obtendo deste modo a puntuación final que se recollerá no ranking.
6. A puntuación obtida en eventos autonómicos e nacionais, figurará no ranking correspondiente nun prazo máximo de 7 días, transcorridos desde a finalización da competición. Este ranking terá carácter provisional á espera de recibir posibles reclamacións.
7. A puntuación obtida no resto de eventos puntuables, figurará no ranking no prazo que a Dirección Técnica determine en cada momento.
8. Calquera tipo de reclamación deberá formularse nos 7 días seguintes á publicación do ranking provisional, enviando un email a administracion@federaciongallegakarate.com. Unha vez transcorrido este prazo e valoradas as posibles reclamacións se existen, considerarase que o ranking é definitivo.
9. A FGK poderá modificar o ranking en calquera momento, se detecta ou ten coñecemento de calquera erro que considere que deba ser corrixido e que non fora reclamado no prazo correspondente.
10. Os puntos obtidos non teñen carácter acumulable, é dicir, en caso de cambio de categoría e/ou peso os puntos obtidos non se poden transferir a outra categoría e/ou peso.
11. A puntuación obtida en cada evento sufrirá un decremento do 50% transcorrido un ano e do 100 % transcorridos dous anos. Como consecuencia deste decremento, serán retirados do ranking aqueles deportistas que figuren con cero puntos.
12. No estarán recollidas no ranking as clasificacións obtidas nas modalidades por equipos.
13. Os puntos obtidos en categorías agrupadas serán transferidos á categoría de inscrición inicial.



ANEXO 1: ELECCIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS CABEZAS DE SERIE

CRITERIOS DE ELECCIÓN

En cada competición poderán designarse un máximo de 4 cabezas de serie. A condición de cabeza de serie será independente do club de procedencia dos deportistas, polo que non afectará á súa distribución no cadro de competición. É dicir, una vez determinados os cabezas de serie, o sorteo non se verá alterado pola coincidencia polo mesmo lado do cadro de competición, de deportistas pertencentes a un mesmo club, prevalecendo a condición de cabeza de serie. Ademais, para obter a consideración de cabeza de serie, o deportista deberá figurar entre as 10 primeiras posicións do ranking absoluto. Para a elección dos cabezas de serie observaranse os seguintes criterios:

CAMPIONATOS GALEGOS:

1. Ranking Absoluto.
2. Medalleiro do ano anterior

CASOS ESPECIAIS:

1. No Campionato Galego de Clubs os cabezas de serie serán designados tomando como referencia o medalleiro do ano anterior. A condición de cabeza de serie pertence a club, con independencia de que os integrantes do equipo teñan cambiado con respecto ao campionato do ano anterior. En caso de que a un club lle corresponda a condición de cabeza de serie e presente a máis dun equipo nalguna categoría, deberá comunicar á FGK no momento da inscrición, que equipo debe ser considerado como cabeza de serie no sorteo. En caso contrario, asignarase de forma aleatoria. Nesta competición, cando o formato de competición o permita, asignaranse as posicións de cabeza de serie 3 e 4 de tal forma que se evite un posible cruce co mesmo finalista do campionato do ano anterior.
2. No caso de agrupar categorías:

2 categorías	Nº1: Primeiro da categoría que permanece Nº2: Primeiro da categoría que desaparece Nº3: Segundo da categoría que permanece Nº4: Segundo da categoría que desaparece
3 ou máis categorías	A criterio da Dirección Técnica



FEDERACIÓN GALEGA DE KARATE
E DISCIPLINAS ASOCIADAS



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



LIGA GALEGA:

Nas competicións da Liga Galega de Karate designaranse un máximo de 2 cabezas de serie.

Primeira xornada:

- Ranking da Liga Galega da tempada anterior.
- Ranking Absoluto.

Resto de xornadas:

- Ranking da Liga Galega da tempada en curso.
- Ranking Absoluto.

Calquera situación non recollida nestes supostos será resolta pola Dirección Técnica

DISTRIBUCIÓN

Para a distribución dos cabezas de serie no cadro de competición, procederase da seguinte forma:

MODALIDADES DE KATA E KUMITE

Os cabezas de serie colocaranse de diferente forma dependendo do número de pools que teña cada categoría.

1 POOL	Parte Superior	Cabeza de serie nº 3 Cabeza de serie nº 2
	Parte Inferior	Cabeza de serie nº 4 Cabeza de serie nº 1

2 POOL	Pool 1 (parte superior)	Cabeza de serie nº 3
	Pool 1 (parte inferior)	Cabeza de serie nº 2
	Pool 2 (parte superior)	Cabeza de serie nº 4
	Pool 2 (parte inferior)	Cabeza de serie nº 1

4 POOL	Pool 1	Cabeza de serie nº 3
	Pool 2	Cabeza de serie nº 2
	Pool 3	Cabeza de serie nº 4
	Pool 4	Cabeza de serie nº 1



FEDERACIÓN GALEGA DE KARATE
E DISCIPLINAS ASOCIADAS



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



MODALIDADE DE PARA-KARATE

Na primeira ronda, os cabezas de serie de cada categoría distribuiranse nos diferentes grupos da seguinte forma:

1 GRUPO	Ronda 1/Grupo 1	Cabeza de serie nº 4
		Cabeza de serie nº 3
		Cabeza de serie nº 2
		Cabeza de serie nº 1
2 GRUPOS	Ronda 1/Grupo 1	Cabeza de serie nº 3
		Cabeza de serie nº 2
	Ronda 1/Grupo 2	Cabeza de serie nº 4
		Cabeza de serie nº 1